EXPEDIENTE 2025/G010/000017. PLENO SESIÓN ORDINARIA DO 11 DE DECEMBRO DE 2025.

ACTA Nº 2025/18

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro
Data: xoves 11 de decembro de 2025
Hora de comezo: 21.00 horas
Hora de remate: 21.23 horas

PRESIDE:

JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUAREZ MILLAN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
JOSE LUIS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión extraordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

I PARTE RESOLUTORIA

1. EXPEDIENTE 2025/G010/000014. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 9 de outubro de 2025. Aprobación da acta da sesión.

II PARTE DE CONTROL

2 EXPEDIENTE 2025/G006/000361. Decretos da Alcaldía ditados entre o 10 de novembro e o 4 de decembro de 2025. Toma de razón.

3 Mocións.

3.1 Moción Grupo Municipal BNG para construción dunha nave municipal destinada a maquinaria e vestiarios para o persoal.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: tGKKQV32YIJqCgWwGo/q Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

4 Rogos e preguntas.

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1 EXPEDIENTE 2025/G010/000014. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN ORDINARIA DO 9 DE OUTUBRO DE 2025. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

09.10.2025. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 9 de outubro de 2025.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen**.**

VOTACIÓN

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

II PARTE DE CONTROL

2 EXPEDIENTE 2025/G006/000361. DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS ENTRE O 10 DE NOVEMBRO E O 4 DE DECEMBRO DE 2025. TOMA DE RAZÓN.

ANTECEDENTES

Decretos da Alcaldía ditados entre o 10 de novembro e o 4 de decembro de 2025

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. O Pleno do concello toma coñecemento sucinto dos Decretos da Alcaldía ditados entre o o 10 de novembro e o 4 de decembro de 2025 (artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais):

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000412	EXPEDIENTE 2025/G003/000412. Copago usuarios SAF, outubro 2025.	404/2025	10-11-2025
2025/G003/000413	EXPEDIENTE 2025/G010/000015. Pleno sesión ordinaria 13 de novembro de 2025. Convocatoria.	405/2025	10-11-2025
2025/G003/000415	EXPEDIENTE 2025/G007/000014. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 11 de novembro de 2025. Convocatoria.	406/2025	10-11-2025

CVD: tGKKQV32YIJqCgwwGo/q Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

2025/G003/000414	EXPEDIENTE 2025/G003/000414. Pago liquidación débeda mes de xaneiro 2025 Seguridade Social.	407/2025	10-11-2025
2025/G003/000416	EXPEDIENTE 2025/S010/000004. Solicitude do programa de teleasistencia	408/2025	10-11-2025
2025/G003/000417	EXPEDIENTE 2025/I003/000002. Imposición penalidades incumprimento do contrato "Festa da terceira idade 2025".	409/2025	11-11-2025
2025/G003/000419	EXPEDIENTE 2025/I002/000030. Denuncia por realización de obras, sen licenza municipal na Rúa Curros Enríquez, nº 5 en Fonte Díaz.	410/2025	14-11-2025
2025/G003/000418	EXPEDIENTE 2025/I002/000013. Limpeza de fincas para prevención de incendios forestais no Lg. Empalme, parroquia de Vilar. Referencia Catastral 15086A0900011900000IS	411/2025	14-11-2025
2025/G003/000421	EXPEDIENTe 2025/A008/000044. Solicitude de subvención para o financiamento do Programa de subvencións a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña, de menos de 50.000 habitantes, para o finaciamento do gasto de persoal das oficinas de turismo no ano 2026.	412/2025	14-11-2025
2025/G003/000422	EXPEDIENTE 2025/A008/000042. Solicitude de oferta de Emprego para a selección de contratación de persoal ao abeiro do programa de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 - 2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.	413/2025	17-11-2025
2025/G003/000424	EXPEDIENTE 2025/C004/000003. Contratación do servizo de redacción de proxectos, direccións de obra, e coordinación de seguridade e saúde. Incoación expediente resolución mutuo acordo.	414/2025	18-11-2025
2025/G003/000423	EXPEDIENTE 2025/A008/000050. Subvención da Deputación da Coruña para a contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PELCONCELLOS/2026)	415/2025	18-11-2025
2025/G003/000425	EXPEDIENTE 2025/E005/000007. Prórroga prolongación de permanencia no servizo activo posto funcionario alguacil-porteiro (Código RPT 01.01.00.05). Desestimación	416/2025	19-11-2025
2025/G003/000427	EXPEDIENTE 2025/V006/000016. Solicitude de emisión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a nome de sua irmá e tutelada.	417/2025	20-11-2025
2025/G003/000430	EXPEDIENTE 2025/T002/000021. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos. Pacto de Estado contra a violencia de xénero 2025.	418/2025	20-11-2025
2025/G003/000429	EXPEDIENTE 2025/T002/000020. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos. Subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.	419/2025	20-11-2025
2025/G003/000428	Expediente 2025/A008/000052. olicitude de subvención ao abeiro das Bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamento de persoal técnico nos servizos municipais de igualdade de xénero no ano 2026.	420/2025	20-11-2025
2025/G003/000433	EXPEDIENTE 2025/G003/000433. Decreto quilometraxe e dietas para incluír na nómina do mes de novembro de 2025	421/2025	21-11-2025
2025/G003/000431	EXPEDIENTE 2025/G003/000431. Cristina Andújar Garrido. Recoñecemento de produtividade (mes de novembro 2025)	422/2025	21-11-2025
2025/G003/000435	EXPEDIENTE 2025/G003/000431. Cristina Andújar Garrido. Recoñecemento de produtividade (mes de novembro 2025)	423/2025	21-11-2025
2025/G003/000434	EXPEDIENTE 2025/T002/000022.	424/2025	21-11-2025

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: tGKKQV32YIJqCgWwGo/q Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

	Modificación Orzamentaria. Transferencia de crédito entre partidas da mesma área de gasto e entre distintas áreas de gasto para gastos de persoal.		
2025/G003/000432	EXPEDIENTE 2025/S002/000086. Baixa Servizo Axuda no Fogar	425/2025	21-11-2025
2025/G003/000437	EXPEDIENTE 2025/G010/000016. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria do 27 de novembro de 2025 para dar cumprimento a Sentenza 00127/2025 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de A Coruña.	426/2025	24-11-2025
2025/G003/000436	EXPEDIENTE 2025/S002/000087. Modificación Servizo Axuda no Fogar	427/2025	24-11-2025
2025/G003/000438	EXPEDIENTE 2025/G007/000015. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 25 de novembro de 2025. Convocatoria.	428/2025	24-11-2025
2025/G003/000439	EXPEDIENTE 2024/A008/000037. Solicitude de axudas para o funcionamento e a gratuidade de atención educativa de escolas infantís 0-3 e Puntos de Atención á Infancia de titularidade municipal, curso 2024/2025. Reintegro.	429/2025	26-11-2025
2025/G003/000442	EXPEDIENTE 2025/A008/000042. Subvención da Xunta de Galicia destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil e procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedemento TR350E). Formalización do contrato.	430/2025	27-11-2025
2025/G003/000444	EXPEDIENTE 2025/E005/000007. Prórroga prolongación de permanencia no servizo activo posto funcionario alguacil-porteiro (Código RPT 01.01.00.05). Desestimación solicitude de certificación estimatoria por silencio administrativo.	431/2025	27-11-2025
2025/G003/000445	EXPEDIENTE 2025/X999/000089. Nóminas novembro 2025.	432/2025	28-11-2025
2025/G003/000446	EXPEDIENTE 2025/E005/000007. Prórroga prolongación de permanencia no servizo activo posto funcionario alguacil-porteiro (Código RPT 01.01.00.05). Estimación recurso de reposición.	433/2025	03-12-2025
2025/G003/000449	EXPEDIENTE 2025/S002/000088. Modificación Servizo Axuda no Foga	434/2025	03-12-2025
2025/G003/000448	EXPEDIENTE 2025/S002/000089. Modificación Servizo Axuda no Foga	435/2025	03-12-2025
2025/G003/000447	EXPEDIENTE 2025/G003000447. Liquidación copago usuarios SAF novembro	436/2025	03-12-2025

O Pleno dase por enterado.

3. MOCIÓNS.

3.1. MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG PARA CONSTRUCIÓN DUNHA NAVE MUNICIPAL DESTINADA A MAQUINARIA E VESTIARIOS PARA O PERSOAL.

Intervén Xoan Antón Louzao Rodríguez, BNG, defendendo a moción presentada co seguinte tenor literal:

"Na actualidade o concello non conta con un espazo axeitado para gardar a maquinaria municipal indispensable para o mantemento de vías, zonas verdes, infraestruturas e servizos básicos que garanta a súa correcta conservación, seguridade e accesibilidade.

Do mesmo xeito, o persoal municipal carece dun espazo digno e adecuado para cambiar de roupa ou gardar os seus efectos persoais con unhas mínimas condicións de confort e seguridade. Isto non só afecta ao benestar e ás condicións laborais dos traballadores e traballadoras, senón tamén á imaxe e ao bo funcionamento da administración local, que debe garantir unhas condicións mínimas en materia de saúde laboral e prevención de riscos.

A construción dunha nave municipal polivalente permitiría mellorar a eficiencia dos servizos municipais, ao concentrar nun único punto toda a maquinaria, ferramentas e materiais necesarios para o traballo diario. Ao mesmo tempo garantiría unhas condicións laborais dignas mediante a creación de vestiarios, taquillas e zonas de aseo para o persoal municipal, cumprindo así cos requisitos básicos en materia de prevención de riscos laborais. Además de optimizar recursos municipais, xa que este investimento inicial permitirá importantes aforros a medio e longo prazo, así como unha mellor organización dos servizos públicos e reforzar a imaxe dunha administración

CVD: tGKKQV32YIJqCgWwGo/q Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

moderna, responsable e eficiente, que coida os seus recursos humanos e materiais e aposta por infraestruturas funcionais.

Por todo o exposto o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Que o Concello de Touro proceda á construción dunha nave municipal destinada ao almacenamento da maquinaria e á habilitación de vestiarios e zonas de uso interno para o persoal.

2. Que se elabore un proxecto técnico e unha memoria económica que determinen a ubicación máis axeitada, as necesidades concretas de espazo e o orzamento correspondente.

INTERVENCIÓNS

O voceiro de Movemento Veciñal, Sr. Roberto Castro di que están de acordo, de feito era un dos proxectos do que tiñamos previsión a falta de concretar o terreo, hai necesidade da infraestrutura pero o que non atopamos é un terreo axeitado titularidade do Concello; barallamos e negociamos adquirir terreo no parque empresarial para executar o punto limpo alí, pero estaba suxeito a unha subvención e a Consellería de Medio Ambiente non nos aceptou o cambio de ubicación que entendemos que a ubicación na que se executou non era a máis axeitada pero si a posible para poder facelo. A intención era adquirir no parque empresarial parcelas para punto limpo e para unha nave.

Paralelamente, está iniciada unha modificación do proxecto de reparcelamento do parque empresarial que basicamente consiste nunha modificación de uso dunha das parcelas coa finalidade de realizar unha permuta con Galchimia. O Concello ten alí unha parcela irregular e que non ten aproveitamento práctico para equipamentos, recibindo o Concello unha parcela rectangular e nunha ubicación que permite un mellor aproveitamento. Sería interesante que o goberno actual intentara negociar coa propietaria, a parcela colindante a que vai recibir o Concello que vai a ser para equipamentos.

Entendo que hai que facerse coas oportunidades para adquirir terreos para estes fins, deixou pasar moitas oportunidades dende a operación de venda das parcelas que o Concello tiña no Polígono de Bama, aquí no polígono mediante unha permuta en vez de facer unha venta. No ano 2021 cando se venderon as parcelas no parque empresarial tampouco accedeu a esa adquisición e incluso onde as piscinas ao outro lado da pista que se puxo a venta unha parcela. Estamos completamente a favor da moción.

O Concelleiro do PG, Sr. Jesús Martínez di que está a favor da proposta.

O Sr. alcalde di que están de acordo co motivo da Moción, a necesidade é evidente, o problema é fixar unha ubicación e tamén haberá que fixar prioridades, xa que o aluguer que temos hoxe da nave tampouco é un custo elevado para o Concello, pero o problema é que non reúne os requisitos básicos. En canto a permuta efectivamente está en trámite, pendente de informes sectoriais, nos mantemos ese compromiso de permuta con Galchimia.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao di que a moción era aberta, somos conscientes da dificultade, sabendo que vai ter un custo considerable, non é óbice para encauzar o asunto, e ir adquirindo os terreos, porque a situación actual é insostible porque non cumpre as mínimas condicións.

O Sr. alcalde di que teñen intención de adquirir terreos non só para esta finalidade, porque o Concello carece de terreos para levar a cabo calquera proxecto.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación da Moción, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: tGKKQV32YIJqCgWwGo/q Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

4. ROGOS E PREGUNTAS.

- O voceiro do BNG, Sr. Louzao se hai unha diagnose de cal é a orixe dos cortes de luz, porque ocorre de xeito recorrente. A colación disto aínda que non é unha pregunta os pasos peonís de Fonte Díaz están fatalmente iluminados, polo que sería bo darlle unha volta porque é un perigo.

O Sr. alcalde resposta dicindo que somo todos conscientes de que as instalacións dos alumeados están moi deterioradas, en Pucho Boedo, Mourelos, Barral, A Santalla. En Mourelos están seccionando en tres, metendo cableado novo porque era malo para o Concello, para os veciños e para empresa de mantemento. Á empresa encargada do mantemento apercibiuse da necesidade de executar os traballos de xeito rápido; pero haberá que ir máis aló por parte do Concello para ir facendo unha remodelación dos alumeados públicos por fases.

En canto aos pasos de peóns, o Sr. alcalde di que teñen feita unha xestións en Infraestruturas para poñer unhas sinais no paso de peóns que está onda o colexio, plantexei elevar u pouco os pasos, pero din que iso é máis difícil, pero a sinalización si que se vai facer.

- O Sr. Louzao fai unha segunda pregunta sobre o tema da mina, dicindo que o pasado día catro de decembro saíu publicada a concesión dunha subvención a Cobres San Rafael por importe de case 113.000,00 euros, se miran as Bases de febreiro din que teñen que ter actividade mineira e que conten co título de carácter administrativo para o desenrolo desas actividades, aínda que a empresa comunicou que ía renunciar á subvención voluntariamente, xa o ano pasado solicitara o ano pasado unha subvención por importe de case 217.000,00 euros en número redondos non temos constancia de que a empresa ía renunciar. A pregunta é se o Concello ten prevista recorrer esta axuda concedida, porque legal non lle parece.

O Concelleiro Darío Rey di que está encantado de darlle traslado á avogada do Concello.

- Realiza unha terceira pregunta, o Sr. Louzao, voceiro do BNG sobre a resolución de mutuo acordo do contrato de redacción de proxectos, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde; preguntando cal é a razón pola que se resolve ese contrato.

O Sr. alcalde di que se resolve porque a empresa di que á vista da retribución que ten non pode redactar proxectos polo volume que se lle está encargando, que non é o que eles interpretaron cando se produciu a adxudicación do contrato, cos proxecto da auga, dos plans adicionais non podían entregalos, de feito se fixeron proxectos de pavimentación porque son máis fáciles de facer cos outros. Chegamos a ese mutuo acordo, xa que a outra opción era impoñer penalidades pero estariamos sen proxectos igual, optamos pola decisión máis positiva e máis áxil para ambas partes, e posteriormente sacar de novo a licitación o expediente, adaptándose a temas de arquitectura non só proxectos de camiños, é dicir, as necesidades reais do Concello.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 21.23 horas do 11 de decembro de 2025.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

CVD: tGKKQV32YIJqCgWwGo/q Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/